CONCEPCIÓN ARENAL E AS ASOCIACIÓNS FEMININAS

Por María del Carmen Simón Palmer



Sabido é o interese demostrado por Concepción Arenal ó longo da súa vida por mante-la privacidade, o que a levou a facer desaparecer calquera documento que puidera iluminar algúns aspectos escuros, por pouco coñecidos, da súa vida. En consecuencia resulta moi difícil desentrañar incógnitas que axudarían a explicar ideas e conducta. Recentemente Carmen Díaz Castañón no limiar ás súas *Obras Completas*[1] ordeou os numerosos testemuños deixados polos contemporáneos sobre a autora, e as escasas noticias directas da interesada, entresacadas especialmente do seu epistolario con amigos, coma se dun crebacabezas se tratara. É a nosa intención ocuparnos aquí das relacións que mantivo co mundo feminino desde a súa xuventude e ofrecemos noticias novas xurdidas gracias a traballos noutras disciplinas. A necesidade de amplia-la investigación coa visita ós arquivos e a consulta de publicacións doutras especialidades maniféstase como imprescindible. Estudios nos campos da Pedagoxía e da Historia preséntannos outras perspectivas para explica-la súa obra e aportan novos datos biográficos.

Cuestionouse sempre a posible influencia da ideoloxía paterna en Concepción Arenal, alegando a curta idade que tiña a nosa autora ó falecer aquel. Sen embargo pode comprobarse como ó chega-la madurez e cando a situación política o permita, tódalas súas relacións xirarán en torno a persoas, que dunha ou doutra forma, comparten o ideario liberal.

Igual que anos máis tarde sucede a outra gran escritora galega, Sofía Pérez Casanova, é a decisión da súa nai, xa viúva, de que as súas fillas estudien e se abran paso na sociedade da Corte, o que motiva o seu traslado a Madrid.

O seu tío, o Conde de Vigo, matricúlaa no colexio da rúa de Tepa, fronte á Parroquia de San Sebastián[2]. Os seus biógrafos non dubidaron en especular sobre estes primeros anos na Corte, que non lle deixaron gratas lembranzas pola perda de tempo, pero que lle permitiron ter unha idea clara da inutilidade do ensino feminino ó uso. Dinos María Campo Alange:

> El trato con las compañeras, de gestos afectados, de actitudes convencionalmente pudorosas, tal como conviene al criterio monjil de la época, debió de resultar incómoda a la joven Concha Arenal. (...) Se ha dicho de ella que estudió sóla el italiano y el francés. En cambio se aplicó, bajo la dirección de las monjas, en la práctica de esa asignatura fundamental para las muchachas que eran las labores de la aguja, en la cual se mostró especialmente hábil (...) sobre todo aplicada a lo utilitario[3](...)

Afírmase así, de modo tallante, que asistiu a un colexio relixioso. Pois ben, no ano 1972, na miña tese doutoral sobre o ensino privado en Madrid no periodo de 1820 a 1868, incluín o estudio dos colexios femininos que existían entón, así como algúns dos Reglamentos[4]. Ata agora ninguén reparou en que un se chamaba precisamente: Establecimiento de señoritas, coñecido como «de Tepa»; é dicir, coincidía coa única referencia deixada precisamente pola propia interesada.

Dona Carmen Griñón, a súa fundadora, estableceuse con Real permiso en maio de 1825 na rúa de Relatores, número 7, e solicitou nos comezos daquel ano que se lle expedira o correspondente título de mestra para poder dedicarse ó ensino. O exame dános unha idea da formación que se requería nas profesoras. Durante tres horas, tres mestras examinárona de tódalas clases de labores existentes propias do «sexo mulleril» e tamén do resto de materias que comprendía o maxisterio, concedéndolle a súa aprobación. A continuación o «Consejo» mandou realiza-la investigación habitual acerca dos seus costumes e antecedentes políticos e o Párroco da súa zona respondeu que a súa conducta durante a época constitucional fora *irreprensible, nada afecta al govierno rebolucionario y si mui amante del Rey, sin haberse mezclado en cosa alguna y siempre ocupada en sus labores de manos*. Obtido o permiso, dona Carmen dirixiría o establecemento durante vintesete anos, ó cabo dos cales cedeu a empresa á súa sobriña, Rita Griñón, que se educara nel[5].

Cando asiste Concepción, no ano 1835, está xa instalado na Casa do conde de Tepa, na «Calle del Viento», xunto da parroquia de San Sebastián, onde antes funcionara outro

feminino, o dirixido por Juan Kearney. Gracias á sobriña e sucesora da fundadora coñecemos que educación recibiu Concepción Arenal. Dinos, en 1861, Rita Griñón que a súa tía *por su edad y con sentimiento había dejado la dirección del Colegio* pero que a nova época era unha continuación da anterior. A relixión e a moral son os fundamentos primordiais dunha sólida educación e confíase o seu ensino a un sacerdote.

Plan de educación:

> Se enseñará a todas las señoritas la doctrina cristiana, leer, escribir letra inglesa y española, aritmética, gramática castellana, geografía, historia sagrada y de España, e igualmente las labores propias de su sexo; a saber, coser con perfección, cortar, zurcir, hacer vestidos para señoras, toda clase de bordados en blanco, y en colores, como felpillas, matiz, litografía, oro, realce, madera, cañamazo y hacer flores, etc. Tambien se enseña música con aplicación al piano y canto, idioma francés, dibujo de toda clase y baile; observándose en la elección de profesores la mayor escrupulosidad para conseguir buenos resultados que se desean y convienen a un establecimiento de señoritas.

Detállanse logo as comidas de mediopensionistas e internas e nas «Disposiciones Generales» a serie de prohibicións de visitas, chamadas, cartas, etc.[6]

Cremos interesante dar a coñece-lo plan de estudios, pola súa similitude co seguido por moitas outras escritoras contemporáneas. Precisamente un dos trazos característicos a todas elas será intercalar na súa correspondencia e escritos termos franceses aprendidos nestes colexios de señoritas. O ano no que Concepción Arenal volve a Armaño, 1840, o local de Tepa é alugado para establecer un colexio masculino, precisamente polo irmán do que será fundador das Conferencias de San Vicente de Paul, Santiago Masarnau.

No capítulo da súa educación universitaria indubidablemente a súa asistencia ás clases de Dereito da Universidade madrileña tivo que ser clandestina, posto que ata o ano 1893, María Goyri non conseguirá do Ministro de Fomento a primera matrícula oficial na Facultad de Letras e pónselle como condición que entre na aula acompañada do catedrático e que non permaneza nos corredores entre as clases.

Se xa o interese por cursar estudios superiores a diferencia do resto das mulleres, incluídas as escritoras, outro tanto sucede coa elevada idade en que contrae matrimonio, vinteoito anos, cando o habitual entón é facelo antes dos vinte. A súa gran amiga no futuro, a condesa de Espoz y Mina por exemplo, casara ós dezaseis anos. Inusual é así mesmo a asistencia ás tertulias masculinas no café do Iris, aínda que fora acompañada polo seu marido.

Non vai ser en cambio a única escritora que escriba ó tempo có seu marido no mesmo xornal e que sufra as consecuencias negativas. O feito de que Fernando García Carrasco non firme os artigos de fondo, leva á confusión sobre a súa autoría. O mesmo lle sucederá anos despois a outra autora asturiana, Eva Canel, da que Criado y Domínguez chegou a nega-la existencia na súa obra *Literatas españolas del siglo XIX*, afirmando que se trataba do pseudónimo do seu marido, Eloy Perillán Buxó. Tamén ela quedou pronto viúva e a súa abundante producción escrita con posterioridade despexou calquera sospeita.

O que se coñecía na época como «condición feminina», non é alleo a Concepción Arenal. A triple maternidade, a morte da única filla e a temperá viuvez marcan sen dúbida a súa vida. Enfróntase á necesidade de sacar adiante unha casa como cabeza de familia e o certo é que o fai cunha dignidade absoluta. Tan só o feito de que os dous mellores amigos que falecen anos despois, Juana Vega e Salustiano de Olózaga, lle deixen nos seus testamentos bens materiais indica que coñecían ben as súas necesidades, nunca manifestadas ó exterior.

Igual que Rosalía de Castro, aínda que en privado, tén claro que o feito de escribir non dispensa das tarefas domésticas. Instalada en Potes en 1858, confesa un día ó seu amigo Jesús de Monasterio: *Mire usted, Jesús, hay que hacer de todo; y hoy la escritora tiene que soltar la pluma para agarrar la aguja y remendar calcetas.*

Tan só unha vez Arenal recorre a escudar baixo unha falsa identidade a súa obra e a razón está xustificada. Trala experiencia negativa co xornal *La Iberia*, ó tratar de continuar colaborando xa viúva, decide que un nome masculino presenta máis posibilidades de ser tido en conta á hora de xulgar un traballo. Iso lévaa a firmar co do seu fillo, que entón ten once anos, a súa obra sobre *La Beneficencia, la Filantropía y la Caridad*[7] que é premiada, o cal a obriga a desface-lo engano.

Son varias as empresas, unhas veces de carácter social e outras educativo, en que participa, impulsadas sempre por homes importantes na política ou na cultura. Como non era posible aínda a asistencia de mulleres a sociedades masculinas por moi culturais que foran, a solución foi a de crear ramas femininas á fronte das cales figuran, xa na segunda metade do século XIX, menos aristócratas ca nos anos anteriores e máis autoras, aínda que estas ás veces reúnen esa dobre condición. Observando con detemento as relacións de Arenal con estas organizacións descúbrese unha auténtica armazón de relacións máis aló do puramente literario, con escritoras e prohomes do momento.

Posiblemente o primeiro contacto cunha autora, xa famosa, estabéceo en 1859 cando se dirixe por carta a Gertrudis Gómez de Avellaneda, o 1 de febreiro, con motivo doutra que aquela escribira a Alarcón amosando a súa satisfacción por unha serenata con que a obsequiaran os obreiros de Barcelona. Arenal, emocionada, compuxera uns versos que non lle publicaron e de aí o interese das súas consideracións sobre as dificultades das persoas independentes. Quédano-la incógnita de en que empresa quería comprometela pero é posible que se tratara, pola data, das Conferencias de San Vicente:

> Lo primero, porque me pareció que debían tomar acta del suceso las personas pensadoras; lo segundo, para comprometerla a usted de la manera que yo puedo romper su neutralidad y, por último, porque teniendo mi homenaje muchos puntos de contacto con el de los obreros catalanes, me lisonjeaba que le fuese a usted grato.
>
> (Foille imposible publicalo):
>
> ¡Ilusión! La aduana literaria está perfectamente montada, y es género de ilícito comercio cualquier mercancía que no venga en bandera nacional; mis versos son extranjeros en todos los puertos, debían decomisarse y se decomisaron...

Anos despois volverán relacionarse indirectamente cando a inmigración a partir da instalación do ferrocarril en Madrid, mediado o século dezanove, aumenta de tal modo que crea un serio problema de aloxamento. La Constructora Benéfica, sociedade destinada a edificar vivendas para obreiros, fúndase por iniciativa de Arenal a raíz de que Olózaga, embaixador en Paris, reciba da condesa de Kransinski un donativo de 25.000 francos, cartos que entregará a Arenal e á condesa de Mina, xunto con outra cantidade que donará a Avellaneda.

En Potes, Arenal vai crear por suxestión de Jesús de Monasterio, que xa no 1860 é membro activo das Conferencias, unha rama das Conferencias de mujeres de San Vicente de Paul, que en 1855, independente da Sociedad de varones, fundara en España Santiago Masarnau.

O Regramento, publicado anos máis tarde, amosa cómo dun modo paternalista as clases afortunadas se ocupaban dos desgraciados. Admítese nas Conferencias a todas aquelas señoras *de reconocida piedad*, que queiran unirse e tomar parte nas obras de caridade a que esta sociedade se dedica. O obxecto é a edificación das xentes e a *santificación* dos seus membros, non só de corazón senón de práctica. Convén que a socia se ache *en estado de socorrer a los pobres*. Prefírese a visita a domicilio das familias pobres, o consolo de enfermas e presas, alimentar, instruír e educar a nenos pobres. Hai unha nota que ilustra perfectamente sobre os fins:

> La visita a los pobres agrada y cautiva, porque tiene siempre un efecto inmediato, el del alivio material, que es la llave que abre los corazones y los presta a recibir la semilla de vida eterna; es fácil de practicar y no exige mucho tiempo.

Adóptase un máximo de dúas familias pobres por cada socia, que os elixe exentos de *inconvenientes* e que vivan en casas honestas, gardando prudencia cos que teñen un vicio grave. Nas súas visitas, que terán que ser longas e verdadeiramente afectuosas, deben *introducir la Religión y la práctica de sus deberes*. Os socorros son en especie e dan bonos que se canxean nas tendas.

Hai que recoñece-lo ton de seriedade que se imprime a esta sociedade na súa financiación porque o acostumado na época para recadar fondos é recorrer a organizar bailes, rifas ou funcións teatrais que á vez ofrecen diversión ás súas promotoras. Aquí prohíbese e mantéñena as propias socias mediante ofrendas secretas[8].

A misión social que vai guiar toda a carreira de Concepción Arenal iníciase entón e continuará no futuro de modos distintos ó evolucionar, ou mellor dito, manifestar abertamente as súas ideas. Como froito desas visitas ós pobres escribe o seu *Manual del visitador del pobre*[9], ó que Masarnau pon reparos ó principio, antes de lelo. De novo terá que facer fronte á reticencia masculina e recorre á ironía para evitar enfrontamentos que lle serían perxudiciais. Escribe en 1861 a Monasterio insistindo na súa necesidade:

> Puede usted decírselo a Masarnau, y si le parece que así es en efecto, y si cree *posible* que una mujer llene este vacío, y si quiere que hablemos, que diga dónde y cuándo[10].

Sen embargo ó lelo Masarnau apróbao e manifesta o seu desexo de coñecer á autora. Esta obra, recomendada como lectura ós membros das Conferencias, difundiuse fóra de España nas outras Conferencias onde tivo categoría de libro de texto e deulle fama internacional. Salustiano de Olózaga, amigo de Masarnau, e máis tarde seu, informouno para a Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, e a súa figura vai estar en diante presente en momentos importantes da vida de Arenal. É el amigo de Juana Vega, a condesa de Mina, desde os anos en que esta exercera como aia de Isabel II, e vai poñer a estas dúas escritoras, vencelladas a militares liberais xa falecidos, en contacto, antes de que en 1863 Arenal chegue á Coruña como Visitadora de Prisións de mulleres.

Alí parece que continúa coas Conferencias durante algún tempo, polo que escribe a Monasterio o 23 de xaneiro de 1864:

> Lo segundo para que me negocie usted algún socio honorario que me dé provecho, aunque sea poco, que soy presidenta de la Sociedad y necesito vivir del oficio[11].

Recordemos que Gertrudis Gómez de Avellaneda, tamén amiga de Olózaga e de Martínez de la Rosa, na claúsula 9 do seu testamento legará mil duros ós pobres, coa vontade de que se entreguen á Conferencia de señoras de San Vicente de Paul que haxa no pobo onde resida ó falecer[12].

Sabemos que na Coruña Concepción Arenal é asidua á tertulia de Juana Vega. E hai no Arquivo do Palacio Real de Madrid un curioso documento inédito que descobre como outra escritora que estaba cerca de Isabel II, a Vizcondesa de Jorbalán, serviu de intermediaria ese ano de 1863, nunha idea que sospeitamos se fraguou inspirada pola nosa autora. Este é o escrito que Juana Vega dirixe á Raíña e que polo seu interese reproducimos íntegro:

> Señora: Con la mayor satisfacción tengo el honor de manifestar a V.M. que el día 22 del pasado se inauguró en esta Ciudad la Escuela de Párbulos, que para beneficio de los pobres he fundado y me propongo sostener, para la que se digno V.M. ausiliarme con la cantidad de cuatro mil

reales. Reciba V.M. las bendiciones de los 120 niños de 3 a 6 años que la componen.

No se limitaba, Señora a esta Escuela mi deseo, porque dedicada por inclinación y por el deber que me impone el cargo de Vice Protectora de los Establecimientos de Beneficencia de Galicia con que V.M. ha tenido la bondad de honrarme, a estudiar las necesidades de las clases pobres, y buscar el mejor medio de remediarlas, ninguno he hallado tan eficaz y que concilie mi deseo de serles util con la maternal solicitud de V.M. por su bien, como la instrucción religiosa y moral bien entendida.

Proponíame crear otras Escuelas de Adultos y Dominicales en esta Capital y en otras poblaciones que de ellas carecen: todo esto, Señora, y algo mas de utilidad pública, ocupó mi pensamiento desde que V.M. se dignó decirme espontáneamente la estrañeza que le causara el saber por la Vizcondesa de Jorbalán que no disfrutaba yo el sueldo, que por la Ordenanza general de la Real casa está señalado a las personas que han desempeñado los cargos que he tenido la honra de ocupar.

Enterada V. M. de cómo la Vizcondesa supo aquella circunstancia, y del permiso que la dí para inducirla a V. M., sentando por base, que el sueldo que se me asignase sería empleado integramente en obras de Caridad, V. M. y su Augusto Esposo, no solo se dignaron aprobarlo, sino que V. M. llebó su bondadosa solicitud hasta el estremo de decir que había manifestado al Intendente de Palacio que estrañaba el descubierto en que se me tenía, y deseaba que cuanto antes se arreglara este asunto.

Penetrada de gratitud por la bondad con que V.M acogia un proyecto que debia enjugar algunas lagrimas y dar la vida de la inteligencia a muchos seres desgraciados, que, merced a la enseñanza, llegarían a ser miembros útiles de la Sociedad, volbí a mi retiro lisongeada con estas esperanzas, que no veo medio de que se realicen si V.M. que tan decididamente se dignó alentarme en mi proyecto, no allana el obstáculo que al parecer del Intendente de Palacio se opone a que yo disfrute lo que por la ordenanza me corresponde.

Dígnese, pues V.M. decidir lo que sea de su agrado, en la seguridad de que el sentimiento unico que tendrá si V. M. juzga que no tengo opcion a los otros pasibos que gozan los que se hallan en mi caso, está en que esta negatiba me pribará del santo placer de hacer bien, como era mi propósito, por lo demás, V.M. recordará que he tenido la honra de decirla que siendo pocas mis necesidades individuales, nada necesitaba para mi, pues puedo cubrirlas con mi modesto patrimonio y con lo que como recompensa de los servicios de mi Esposo percibo del Estado.

Pido incesantemente al Cielo que conserve la importante vida de V.M., la de su Augusto Esposo y amados Hijos= A.L.R.P. de V.M.=Señora=Su respetuosa subdita=La Condesa de Espoz y Mina= Coruña 11 de Julio de 1863.

O último documento, anterior a este, de Juana Vega no seu expediente persoal de Palacio está datado o 22 de xullo de 1843, é dicir ó renunciar ó seu cargo de Aia de Isabel II. É revelador cómo tres mulleres se poñen de acordo para levar a cabo unha tarefa benéfica. Recordemos que a Vizcondesa de Jorbalán, que morre en 1865 e será canonizada como Santa María Micaela do Santísimo Sacramento en 1934, fundara en Zaragoza o ano 1861 outra rama feminina das Conferencias de San Vicente de Paúl, como Concepción Arenal en Potes. E pouco despois a Santa Sé aproba as Constitucións das Adoratrices, sendo o seu convento madrileño popularizado por Galdós na súa «Fortunata y Jacinta», ó falar das «Micaelas» como eran coñecidas. A Vizcondesa, que acompaña a Isabel II tralos numerosos partos, é quen intercede en favor de Juana Vega, facendo ve-la inxustiza do esquecemento. Pero a idea, despois de vinte anos de silencio, sen dúbida debeu de ser impulsada por Concepción Arenal, quen escribirá ó morre-la futura santa en *La España* o 28 de setembro de 1865, un artigo titulado «A la memoria de la Vizcondesa de Jorbalán».

Na Coruña, Arenal crea e dirixe unha Junta de señoras, chamada Sociedad de la Magdalena, tamén de acordo con Juana Vega, que polas súas relacións sociais é quen recluta ós membros. Escribe unhas cartas que a Condesa de Mina le ás reclusas comentando un a un os artigos do Código Penal e ela observa as reaccións no cárcere de «La Galera». Dará orixe a *Cartas a los delincuentes*[13].

Ese ano de 1865 reside na casa da Condesa de Mina en San Pedro de Nos e cando recibe o cese do seu cargo pola Raíña laméntase indignada.

Colabora nos traballos da Sociedad Abolicionista, aínda que, coma sempre, non se afilia para evitar compromisos. Prémiaselle a súa composición «A la esclavitud de los negros» e casualmente é o presidente da Sociedad, Salustiano de Olózaga. Isto pode explica-las palabras á súa amiga Pilar Tornos, tras recibir un telegrama de felicitación polo premio da Sociedad:

> Dios quiera que tantas buenas voluntades reunidas abrevien el plazo de la emancipación de los desdichados negros. No te acuerdas, pero te he escrito algo de Vizcarrondo. Sin duda extrañaría que la de Mina y yo no quisiéramos pertenecer a la Sociedad Abolicionista; las causas de estas repulsas son más para habladas que para escritas, y ya las hablaremos. Tú me dijiste que te habías separado por tomar la Sociedad un carácter enteramente político[14].

Varias escritoras coas que terá contacto Arenal: Faustina Sáez de Melgar, as condesas de Pomar ou a de Priegue, etc., son membros do Comité de Señoras desta Sociedade, que se crea en 1865 no mitin celebrado en Madrid, no teatro de Variedades, o 10 de decembro.

Cadrado comenta así a súa mudanza ás ideas institucionistas, e como abandona as Conferencias por unha nova organización sen relación coa Igrexa:

> Doña Concepción no sólo dejó de pertenecer a la Sociedad de señoras, sino que cediendo a las veleidades de su razón y a los halagos de los librepensadores, quiso fundar a su vez las *Decenas*, más propias que de la *caridad*, cuya

> *voz* tomaba su órgano, de la filantropía a que inspiraba los socorros puramente materiales repartidos a los clientes, a los cuales muchos de éstos preferían la menor pero más cariñosa ayuda de las parejas paulistas[15] (...)
>
> As *Decenas* ou Patronato de los Diez, estaban inspiradas en la iniciativa de Monseñor Silbour, Arzobispo de París, que tomó como norma para su proyecto el pensamiento de un economista, sintetizado en este principio: Si diez familias o individuos se asociasen para auxiliar a una familia indigente, la llaga de la miseria, cicatrizada al punto, no tardaría en desaparecer[16].

Arenal fundou varias na Coruña, aínda que sempre defendeu a existencia das Conferencias e mantivo o seu aprecio por Masarnau.

A amizade íntima entre Juana Vega e Arenal continuou durante catorce anos ata a morte daquela en 1872, que non esqueceu á súa amiga no testamento. Concepción Arenal quedou tan afectada que non puido escribir durante catro meses e na súa revista, *La Voz de la Caridad*, publicou a homenaxe póstuma ofrecida á súa figura por outras autoras.

En xuño de 1870 celébrase o Primer Congreso de la Sección Internacional Española e en 1871 o Segundo. Circula entón *La defensa de la sociedad* como «Revista de intereses permanentes y fundamentales contra las doctrinas y tendencias de la Internacional ajena por completo a todo partido político» creada polo moderado Bravo Murillo e colaboran nela Antonio Guerola e Arenal, que publica as súas «Cartas a un obrero».

Outra asociación á que pertence como membro da xunta directiva é o Ateneo de señoras, presidido por Faustina Sáez de Melgar, a súa fundadora, que foi inaugurado o mes de febreiro dese ano de 1869 por Fernando de Castro. Colabora así mesmo na súa Escuela de Institutrices que se inicia a fins daquel ano e na Asociación para la Enseñanza de la Mujer.

En 1870 Castro preside a Sociedad Abolicionista española. Forman parte tamén dela as escritoras: a Condesa de Priegue, Pilar Amandi de Ozores, que aínda que nada en Cuba morre na Coruña, Eladia Bautista e Faustina Sáez de Melgar.

Hai que destaca-lo seu labor como directora dunha publicación excelente entre os anos 1871 e 1883, *La Voz de la Caridad. Revista quincenal de Beneficencia. Beneficencia y Establecimientos Penales*, en quince volumes. Axúdana economicamente a Condesa de Espoz y Mina e Fernando de Castro.

Se se examina coidadosamente a relación de colaboradores advírtese a participación de moitas autoras do momento. E queremos destacalo porque as biografías de Arenal deixan a impresión de que se mantivo á marxe do resto das súas colegas do mesmo sexo. Si é certo que sempre a relación tivo un fin concreto e que nunca asistiu ás tertulias literarias da Corte, ós teatros, etc; é dicir, non participou na vida social.

Estes son os nomes das catorce escritoras ás que publica traballos: Emilia Álvarez Mijares, Joaquína García Balmaseda, Leopolda Gassó y Vidal, Gertrudis Gómez de Avellaneda, Angela Granés, Concepción Luís y Ramón, Pilar Matamoros de Tornos, Pilar Pascual de Sanjuan, Narcisa Pérez de Reoyo, Micaela de Silva, Elvira Solís Greppi, Luisa Torralba de Martí, Josefa Ugarte Barrientos.

Con algunhas destas mulleres mantén contacto en Asociacións extra-literarias. Emilia Alvarez Mijares pertence á Sociedad Abolicionista, Leopolda Gassó é masona, Concepción Luís é profesora no Fomento, Micaela de Silva, vocal e membro do Ateneo de Señoras. Por outra parte García Balmaseda le un poema de Arenal na función que se celebra a beneficio dos feridos de guerra en 1874. Noutros casos pertencen á alta sociedade da Coruña, como Narcisa Pérez de Reoyo, ou o seu pai participou na Guerra da Independencia como sucede a Micaela de Silva con doce traballos publicados en *La Voz*.

Olózaga, ó morrer en París en 1873, recorda ás súas amigas Juana de Vega e Arenal no seu testamento:

> Les pido a los albaceas que den alguna prenda de mi uso, alhajas y medallas a las personas a quienes más yo quiera, aunque sólo designo a dos, la condesa de Mina y doña Concepción Arenal.

O Decreto do 20 de Novembro de 1868, recoñece as asociacións masónicas coa obriga de poñelas en coñecemento da autoridade. É neste periodo cando se dá a aparición dunha Masonería feminina, pero os seus membros van sufrir unha marxinación dobre pola condena relixiosa e polo que supoñía á muller de emancipación nunha asociación marxinada. A masonería vencéllase en España a movementos intelectuais como o librepensamento, o espiritismo ou o anarquismo. O primeiro grupo que admite mulleres no seu seo é o Gran Oriente de España, co rito de adopción.

Baixo o Gran Oriente, en setembro de 1872, na loxia «Hijos del Trabajo» de Madrid, créase a asociación Las hijas del Sol, proxecto que leva a cabo o irmán Euclides. É a presidenta a xa citada Condesa de Priegue, Pilar Amandi, á que atopamos na Sociedad Abolicionista anos atrás, e asisten Serrano de Wilson, Sofía Tartilán, Victorina Saez de Tejada, etc.

Nos Estatutos aparece como *Objeto de la Orden*:

> Art. 1. La Orden tiene por objeto. 1. La educación física, intelectual y moral de la mujer. 2. La caridad y la beneficencia 3. La justicia 4. La protección mutua.

Proponse a creación de colexios, institutos, universidades, academias, casas de socorro, asociacións, etc. Permítese a reunión en paseos, igrexas, etc., con obxecto de superar obstáculos que puideran existir por parte dalgunhas «irmás» de facelo nas loxias.

O seu órgano de prensa, co mesmo nome, diríxeo a Baronesa de Wilson, e está redactado *por las más ilustres escritoras*. No primeiro número figuran artigos da Baronesa e de Leopolda Gassó. No segundo, que debeu saír en novembro do mesmo ano, hai outros de Robustiana Armiño, Victorina Sáenz

de Tejada ou Leopolda Gassó, que colabora en *La Voz de la Caridad*. Máis tarde elóxiase no *Boletín* un artigo de fondo suscrito por Concepción Arenal[17].

O 1 de febreiro do 73 dise que a revista mellorou as súas condicións e empeza a publicar unha serie de novelas chamada *Las noches de invierno*. A primeira *La miseria de los ricos (Historia de dos millones)* é obra da Baronesa de Wilson.

O obxectivo da masonería é leva-lo perfeccionamiento á Humanidade pola virtude e a ilustración[18]. A necesidade de educar á muller, sen distinción de sexos, para que poida gañarse a vida é unha das convicción máis firmes en Concepción Arenal e vai colaborar por isto cos seus amigos da Institución Libre de Enseñanza. Xa anos antes, en 1860, se despedía cun curioso «Salud y fraternidad» do seu amigo Monasterio nunha carta en que o citaba para tratar da Asociación de San Vicente de Paúl.

E a pesar do artigo escrito o 1 de decembro do ano anterior, o 4 de xaneiro de 1872, Concepción Arenal nun comunicado a *La Época* fai constar que non é redactora nin colabora na revista *Las Hijas del Sol* de Madrid.

Ó non poder localizar algún exemplar da revista pode poñerse en dúbida o que afirma o *Boletín*, pero é extraño. Hai que ter presente que nas *Historias de la masonería española* se cita como afiliado á sociedade masónica dos comuneros ó xeneral Mina, marido de Juana Vega, xa falecida nesta data, masón foi tamén Martínez de la Rosa, amigo da Baronesa de Wilson desde os seus anos en París, e moi especialmente Salustiano de Olózaga, vocal do Supremo Consejo ó reorganizarse o ano 1833[19].

No que se refire á imaxe que ofrecen ós demais as escritoras, hai trazos bastante xerais. Son moitas as que se resenten dalguna doenza, posiblemente para demostrar dalgún modo que son igual de delicadas có resto das mulleres. E Arenal non é unha excepción, na súa correspondencia son continuos os lamentos polas dores de cabeza, algo que parece incompatible coa súa abundante creación intelectual. Sospeitamos que ás veces chegou a escudarse en enfermidades máis ou menos certas para eludir conflictos.Cando deixa de colaborar en *La Iberia* trala morte do seu esposo dinnos que se marcha da Corte «para repoñer a súa saúde». De novo, coincidindo co desmentido na prensa da súa relación con *Las hijas del Sol*, entre os meses de xaneiro e febreiro de 1873, unha grave enfermidade pona entre a vida e a morte. O seu fillo, Fernando, na recompilación de artigos e opúsculos de *La Voz de la Caridad* apostilla: *todos los trabajos insertos hasta junio de 1873 estaban escritos antes del 30 de noviembre del 72*. Exclúe así a posibilidade da mencionada colaboración. Dinos ademais que Francisco Giner en xaneiro e febreiro de 1873 acudía diariamente a interesarse polo seu estado. Ata que punto foi Giner, herdeiro ideolóxico do masón Krause, o que aconsellou este desmentido é algo difícil de demostrar.

A Asociación sae á luz pública en febreiro de 1873.

> Ayer ha tenido lugar en el salón del Fomento de las Artes la primera reunión de la Asociación «Las hijas del Sol», que ha inaugurado sus nobles tareas dedicadas exclusivamente a la ilustración y educación de la mujer. Tan elevada idea debe hallar en la actual civilización grandes admiradores y justos elogios para los que la han iniciado. (Pouco antes proclamárase a República)[20].

Parece certo que Concepción Arenal colaborou sempre coas Sociedades de ideoloxía máis avanzada pero tivo bon coidado de non afiliarse a elas, quizais porque non olvidaba a súa condición de cabeza de familia. E a proba máis significativa é como vai adoptando posturas máis avanzadas a medida que o único fillo que sobrevive vai necesitándoa menos e máis aínda, convértese no seu mellor promotor, incluso trala súa morte.

Participa Arenal nas Conferencias Dominicales de la Asociación para la Enseñanza de la Mujer, nas que tamén colaboran outras escritoras do momento de modo desinteresado:

> la enseñanza de estas escuelas es en su mayor parte gratuita, y dada por profesores que por el puro amor al bien hacen el sacrificio de ir a enseñar sin ventaja pecuniaria ni satisfacción de vanidad; dignos continuadores del fundador de la Escuela de Institutrices, don Fernando de Castro[21].

Poucos meses antes do seu pasamento, o 29 de abril de 1892, escribe en *Las Dominicales del Librepensamiento*, que aglutina a librepensadores, masóns, espiritistas, etc, un artigo titulado «Desigualdad excesiva. Presión social».

A morte interrompeu unha carreira que fora evolucionando cara á aberta defensa dos ideais liberais, e que a levou desde as Conferencias de San Vicente de Paul ás Conferencias Dominicales de la Asociación de la Mujer, da caridade á educación como medio de facer independientes ás mulleres.

NOTAS

[1] ARENAL, Concepción. *Obras completas*. Estudio preliminar y edición de Carmen Díaz Castañón. Madrid. Biblioteca de Autores Españoles. 1993 (BAE, CCCII).

[2] Non estaba o colexio na rúa de Tepa como di Díaz Castañón, p. XIV, senón na casa do Conde de Tepa.

[3] CAMPO ALANGE, María. *Concepción Arenal 1820-1893, Estudio biográfico documental,* Madrid. Revista de Occidente, 1973, p. 44.

[4] SIMON PALMER, María del Carmen. *La enseñanza privada seglar de grado medio en Madrid (1820-1868),* Madrid, Instituto de Estudios Madrileños. CSIC, 1972.

[5] Archivo Histórico Nacional. *Consejos.*

[6] Reglamento del antiguo Colegio de señoritas titulado de Tepa, Madrid, Imp. de D. Victoriano Hernando, 1861.

[7] *La Beneficencia, la Filantropía y la Caridad.* Memoria premiada pola real Academia de Ciencias Morales y Políticas, Madrid, Colegio de Sordomudos, 1861, 123 pp.

[8] *Reglamento de la Sociedad de señoras de San Vicente de Paul,* Madrid, Imp. de Tejado, 1868.

[9] Madrid, Imp. a cargo de R. Ludeña, 1863, 308 pp.

[10] SUÁREZ, Federico. *Santiago Masarnau y las Conferencias de San Vicente de Paúl,* Madrid, Rialp, 1994, p. 170.

[11] En CAMPO ALANGE, Condesa. *Concepción Arenal, 1820-1893. Estudio biográfico documental,* Madrid, Revista de Occidente, 1973, p. 163.

[12] FIGAROLA-CANEDO, Domingo. *Gertrudis Gómez de Avellaneda,* Madrid, SGEL, 1929, p. 27.

[13] A Coruña, Imp. do Hospicio, 1864, 434 pp.

[14] DÍAZ CASTAÑÓN, Carmen, en *Obras Completas,* p. XXIX.

[15] QUADRADO, José María. *Biografía de Don Santiago Masarnau,* Madrid, 1903, pp. 210. Citado por

[16] CASAS FERNÁNDEZ, Manuel. *Concepción Arenal. Su vida y su obra.* Madrid, Victoriano Suárez, 1936, p. 61.

[17] O 1 de decembro de 1872.

[18] ENRIQUE DEL ÁRBOL, Eduardo. «La masonería española y la mujer» en *Anuario de la Historia Contemporánea,* 1987-1991, pp. 39-66, p. 59.

[19] TIRADO Y ROJAS, M. *La masonería en España,* Madrid, Impr. Mardo y Hno., 1892, T. II.

[20] *La Correspondencia de España* 1873-febreiro-17.

[21] CAMPO ALANGE, p. 167.